

XUÑO 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Xuño 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
VIAXEIROS	10.859.335	2,1%	425.754	-8,8%
NOITES	36.198.765	-1,2%	818.318	-5,8%
ESTADÍA MEDIA	3,33	-3,2%	1,92	3,3%
% OCUPACIÓN	64,94%	-1,39	40,69%	-0,62
% OCUPACIÓN Fds	70,54%	-1,26	46,88%	-0,93

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de xuño rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados – un 8,8%- e o volume de noites –un 5,8%-.
- Tal circunstancia rompe cunha tendencia positiva de crecemento da demanda nos últimos catro anos. En particular, logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012, o volume de pernoctacións estabilízase en xuño de 2013 como paso previo aos crecementos rexistrados en 2014 –do 8,3%- , en 2015 –do 12,8%- , en 2016 –do 4,5% e en 2017 –do 9,7%- . O descenso de xuño deste 2018 coloca o nivel final en algo máis de 818 mil noites –cifra obviamente inferior á do pasado ano mais superior á serie histórica anterior-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é equivalente, rompéndose en 2018 a tendencia positiva rexistrada nos cinco anos anteriores e que levaran a colocar o volume final en 467 mil en xuño do pasado ano. O descenso deste 2018 sitúa o nivel en preto de 426 mil viaxeiros aloxados.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de pouco máis de 41 mil viaxeiros aloxados e de preto de 51 mil noites en relación ao mes de xuño do pasado ano.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,1%- e unha caída paralela do volume de noites –do 1,2% neste caso-.
- Obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira a nivel das comunidades autónomas. Neste mes o volume de noites sobe e mellora en nove delas sendo Estremadura o destino de mellor comportamento relativo, isto é, a comunidade que presenta o incremento de maior intensidade –cunha suba do 12,0%- . Seguen en orde de importancia Murcia –coa suba do 6,1%- e Aragón e Castela A Mancha –con incrementos do 5,7% neste caso-.
- No lado contrario é Castela e León o destino que presenta o crecemento máis moderado, próximo ao 1% interanual.
- En tres destinos mantense estable o nivel de demanda –Andalucía, Cantabria e a C. Valenciana- mentres que cinco son os que presentan un comportamento negativo, isto é, os que rexistran unha

caída da demanda en relación ao pasado ano. Son, por orde de importancia, Baleares, Canarias, Cataluña, A Ríoxa e Galicia.

- A nosa comunidade é, por tanto, o destino de peor comportamento relativo neste sexto mes do ano.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking é semellante, con variacións de diferente dirección e intensidade- Estremadura lidera tamén neste caso o incremento a nivel estatal –coa suba do 12,7%- mentres que, no lado contrario, é Galicia o destino de peor comportamento relativo – rexistra a caída de maior intensidade cun 8,8% neste caso-.
- Baleares –con máis de 9,3 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de xuño –absorbendo o 25,8% do total estatal-. É o segundo mes consecutivo no que se produce tal circunstancia pois ata abril era Canarias o destino de maior volume e peso no conxunto da demanda hoteleira estatal –lideraba o mercado hoteleiro en temporada baixa-.
- Logo de Baleares, seguen en orde de importancia neste mes Cataluña –con pouco máis de 6,4 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con preto de 5,6 millóns de pernoctacións-, Canarias –con máis de 5,4 millóns-, a C. Valenciana –con máis de 2,9 millóns- e Madrid –con 2,2 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 88% do total da demanda hoteleira de España. O 12% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a sétima posición –xusto por detrás das seis anteriores- representando o 2,3% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos, con caídas xeneralizadas de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta unha caída do 2,2% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado por un descenso paralelo da cifra de viaxeiros aloxados, do 1,0% neste caso. Son caídas de baixa intensidade que contrastan cos crecementos observados nos últimos anos nos que o mercado interno presentaba subas de intensidade variable, de 2014 a 2017. Este descenso coloca o volume final en preto de 197 mil noites –a segunda cifra máis elevada desde o 2008-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento negativo, cun descenso do 3,9% no volume de noites en relación ao pasado ano 2017 –consecuencia da caída paralela da cifra de viaxeiros españois, do 6,2% neste caso-. Este descenso contrasta coas subas rexistradas nos anos anteriores –de 2014 a 2017- e sitúa o volume final de noites do mercado receptor nacional en pouco máis de 383 mil neste mes de xuño –cifra inferior á de 2017 máis superior á do período 2011-16.
- O turismo internacional presenta tamén un descenso da demanda en relación ao pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados cae un 16,6% e o volume de pernoctacións un 11,4%, contribuindo desta maneira ao comportamento negativo da demanda.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anos anteriores, con subas do 19% en xuño de 2013, do 9% en 2014, do 18% en 2015, do 4% en 2016 e do 8% en 2017. Esta caída sitúa o nivel final en algo máis de 238 mil noites –cifra inferior á dos dous últimos anos pero superior á serie anterior-.

- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 29% do total da demanda hoteleira, cifra importante como corresponde a un mes de temporada media e que supera os valores que se rexistraban no primeiro cuadrimestre do ano –co 21% de media nos catro meses-. En comparación co pasado ano o peso cae en dous puntos porcentuais, quedando por debaixo do 30% por vez primeira nos últimos catro anos.
- O segmento de maior peso é o nacional e sobre todo aquel que procede do conxunto do Estado –o turismo receptor nacional representa o 46,8% do total das noites hoteleiras-. O mercado interno representa o 24,1% do total neste caso.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento negativo da demanda hoteleira, con caídas xeneralizadas de diversa intensidade. A Coruña é a provincia de peor comportamento relativo pois presenta o descenso máis acusado, do 10,6% neste caso. En Lugo a caída aproxímase ao 5% interanual mentres que en Ourense e Pontevedra o descenso apenas chega ao 2% interanual. En termos xerais o descenso do volume de pernoctacións vén como consecuencia de caídas paralelas da cifra de viaxeiros aloxados.
- Con máis de 332 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 40,6% do total-. Pontevedra absorbe tamén unha parte importante con pouco máis de 326 mil noites, o 39,9% do total. Ambas, por tanto, representan o 80% do total da demanda hoteleira da comunidade.
- A estadia nos hoteis e pensións de Galicia increméntase neste mes de xuño –un 3,3%-, situándose en 1,92 noites de media. É o segundo ano consecutivo no que mellora a estadia media neste sexto mes do ano, rompendo coa serie de caídas consecutivas desde practicamente o 2009. Estes incrementos permitiron mellorar en dúas décimas a cifra de xuño de 2016.
- A estadia media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media-baixa no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 6,9 noites de media, mentres que Castela e León rexistra a cifra máis baixa, con 1,6 noites neste caso.
- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída paralela da oferta dispoñible, se ben con menor intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 4,4%-, circunstancia que leva a un leve empeoramento do nivel de ocupación do sector –en particular, cae en 0,6 puntos porcentuais para situarse no 40,7% de media-. Descende o nivel de ocupación logo de rexistrar melloras consecutivas nos últimos cinco anos, circunstancia que coloca o dato deste ano como o segundo máis alto desde o 2004.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a quinta cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –por diante de Castela e León, Aragón, Extremadura e Castela A Mancha-. Baleares é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 82,9% en xuño. Seguen Canarias –cun 74,5%-, a C. Valenciana –cun 67,1%- e Cataluña –cun 64,8% neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 64,9%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación varía de forma dispar a nivel das comunidades autónomas. Sobe e mellora en sete delas –sendo Extremadura o destino de incremento máis destacado, de case cinco puntos-, mantense estable en Castela e León e descende nas nove restantes. Canarias marca neste mes o descenso máis acusado, de tres puntos porcentuais neste caso.

- As tarifas hoteleiras en Galicia soben levemente neste sexto mes do ano –un 1,6% en particular– situándose en 56,2 euros de media –a cuarta cifra máis baixa do conxunto do Estado-. Iguala a súa posición en relación ao mes de maio mais mellora a súa posición en comparación co observado no primeiro cuadrimestre cando a nosa comunidade rexistraba sempre a tarifa máis baixa do conxunto do Estado.
- Baleares é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de xuño con 103,5 euros de media –por segunda vez neste ano Canarias non ocupa este lugar-. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, o País Vasco –con 96,0 euros- e Cataluña –con 94,7 euros-. Son tres as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 88,7 euros de media.
- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que melloran en relación ao pasado ano. O País Vasco é o destino que presenta o incremento máis destacado cun 8,0%, seguido de Baleares cun 5,0%. Mantéñense estables en Cataluña e descenden en Cantabria e Madrid –un 11,6% nesta última-.
- A caída dos niveis de ocupación neste mes de xuño –froito dun descenso da demanda superior á caída da oferta-, nun contexto no que soben levemente as tarifas, leva a que os establecementos hoteleiros de Galicia empeoren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2017 –o RevPAR cae un 1,0% ata situarse en 25,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cuarta cifra máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Baleares –con 90,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de xuño. Sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destacan Canarias e o País Vasco –ambas por encima dos 70 euros-.
- En termos dinámicos obsérvase igualmente un comportamento dispar a nivel das comunidades autónomas sendo maioría as que presentan cifras positivas. Os niveis de rendibilidade hoteleira melloran en dez destinos sendo neste caso Estremadura o que amosa o incremento máis notable, do 11,0% en relación ao pasado ano. Mantéñense estables en Andalucía, e descenden nos seis destinos restantes. Madrid marca a caída máis notable, cun descenso do 13,2%.

1º SEMESTRE 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. 1º Semestre 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
VIAXEIRO S	47.848.189	1,2%	1.703.491	-5,6%
NOITES	147.338.468	-0,2%	3.173.813	-2,4%
ESTADÍA MEDIA	3,08	-1,4%	1,86	3,4%
% OCUPACIÓN	56,10%	-0,58	31,41%	0,65

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No primeiro semestre deste ano 2018 Galicia rexistra unha caída dos niveis de demanda hoteleira en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados –un 5,6%, acadando pouco máis de 1,7 millóns- e o volume de noites –un 2,4% neste caso, con preto de 3,2 millóns no conxunto da comunidade-.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos catro anteriores. Logo das caídas rexistradas no trienio 2011-13, a demanda hoteleira consegue mellorar no primeiro semestre de 2014 –un 4,1%- con carácter previo aos incrementos do 7,9% en 2015, do 5,0% en 2016 e do 8,6% en 2017. A caída deste ano, aínda que suave, rompe esta dinámica e coloca o nivel final en máis de 3,17 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada desta década-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é paralela rexistrando neste 2018 pouco máis de 1,7 millóns no conxunto da comunidade, cifra inferior á dos dous anos anteriores mais superior á serie anterior.
- En termos de volume a variación tradúcese na perda de pouco máis de 100 mil viaxeiros aloxados e de preto de 77 mil pernoctacións en relación ao primeiro semestre de 2017.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 1,2%- mais estabilízase o volume de noites como consecuencia dun descenso da estadía media. Son variacións pouco significativas que falan máis ben de certa estabilidade dos niveis de demanda en relación ao pasado ano.
- O comportamento da demanda a nivel das comunidades autónomas é moi dispar neste período de seis meses. En particular, sobe e mellora en dez delas –sendo Extremadura e Murcia os destinos que rexistran os crecementos máis intensos, do 6,3% e 5,7% respectivamente-. No lado contrario é Cantabria o destino de crecemento máis moderado, inferior ao 1% interanual.
- A demanda mantense estable en dous destinos –Balears e Asturias- mais cae nas cinco comunidades restantes, con menor intensidade en Cataluña –menos do 2%- e de forma máis acusada en A Rioxa –cunha caída do 3,8% neste caso-.
- Similar comportamento se observa no lado dos viaxeiros aloxados, onde se aprecian variacións dispares. Once delas melloran as cifras do pasado ano –encabezando Extremadura o ranking cun

incremento do 5,6%-, mantense estable en tres e descende nas tres restantes –sendo Galicia o destino coa caída máis notoria, do 5,6% neste caso-.

- Canarias –con preto de 33,0 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste período –absorbendo o 22,4% do total estatal-. Seguen en orde de importancia Cataluña –con máis de 23,9 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con máis de 23,4 millóns de pernoctacións-, Baleares –con máis de 21,8 millóns-, a C. Valenciana –con pouco máis de 13,0 millóns- e Madrid –con case 12,0 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 86% do total da demanda hoteleira de España. O 14% restante repártese no resto do territorio destacando Castela e León por encima das restantes. Galicia ocupa neste período a oitava posición –por detrás de todas as anteriores- representando o 2,2% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento algo diferente dos grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un leve incremento do 0,6% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado por unha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros residentes cae un 1,1%. Son variacións de baixa intensidade que en todo caso dan continuidade á tendencia de crecemento dos catro anos anteriores, de 2014 a 2017. O nivel final deste período de seis meses sitúase en preto de 936 mil noites.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio un comportamento negativo cun descenso do 3,5% no volume de noites hoteleiras –provocado en grande medida pola caída da cifra de viaxeiros españois, do 5,4% neste caso-. O descenso deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos desde o 2014 e deixa o nivel final en máis de 1,4 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada desde o 2010-.
- O turismo internacional presenta tamén un comportamento negativo neste primeiro semestre do ano. O volume de pernoctacións cae un 3,5% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 10,3%, nun contexto de certa mellora da estadia media.
- Este descenso rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anos anteriores, circunstancia que permitira acadar máximos históricos xustamente en 2017 con máis de 850 mil noites. A caída deste 2018 sitúa o nivel final por encima das 821 mil noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica.
- O 44,6% da demanda hoteleira corresponde ao turismo receptor nacional, segmento de maior peso neste período. O mercado interno representa o 29,5% mentres que o internacional supón o 25,9% do total –cifra que tamén descende en relación ao pasado ano-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira. O volume de noites sobe e mellora só na provincia de Ourense –un 1,6% neste semestre-, mantense estable en Lugo e Pontevedra e descende, en cambio, na provincia de A Coruña –un 5,6% neste caso-.
- Con preto de 1,38 millóns de noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 43,4% do total-.
- A estadia media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 1,86 noites, cifra que supera nun 3,4% o dato do mesmo período do pasado ano. É o segundo ano consecutivo no que mellora a

estadía media na nosa comunidade, conseguindo recuperar parte do perdido nos cinco anos anteriores.

- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible, de maior intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 4,4%-. Tal circunstancia ten como consecuencia unha mellora dos niveis de ocupación do sector –en particular, sobe en 0,65 puntos porcentuais para situarse no 31,4% de media, a cifra máis elevada desde o 2007-. Son cinco anos consecutivos de mellora dos niveis de ocupación no conxunto dos primeiros seis meses do ano, por motivos diferentes –de 2014 a 2017 mellora nun contexto positivo de crecemento da demanda e agora en 2018 mellora por unha caída da oferta superior ao descenso da demanda-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste período a terceira cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado. Canarias é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 74,5%. Seguen Baleares –cun 70,6%-, Madrid –cun 59,7%- e a C. Valenciana –cun 57,3% de media neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 56,1%.
- No conxunto dos primeiros seis meses do ano obsérvase certa mellora das tarifas hoteleiras en Galicia. En particular, increméntanse nun 2,0% en relación ao mesmo período do pasado ano situándose en 54,1 euros. Tal circunstancia, engadida á leve mellora dos niveis de ocupación, permite aos establecementos hoteleiros de Galicia mellorar tamén os niveis de rendibilidade empresarial –o RevPAR hoteleira sobe tamén nun 2,0% para situarse en 20,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.
- O ingreso total do sector hoteleiro en Galicia neste primeiro semestre do ano estímase en case 107 millóns de euros, cifra que supera nun 0,6% o dato do mesmo período do pasado ano.